

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

PLAN DIXITAL (ANEXO - PROXECTO EDIXGAL)



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTECTO DO CENTRO	3
2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE	7
3. OBXECTIVOS	7
4. ESPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO	10
5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE	11
6. DESIGNACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO	14
7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE RELACIONADAS COAS TIC DESENVOLVIDAS NO CENTRO DURANTE OS ÚLTIMOS ANOS	17
8. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE	17
9. RELACIÓN DAS MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL	17
10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA	17
11. OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE QUE SE PODE TER EN CONTA PARA A SELECCIÓN DO CENTRO	20

INTRODUCCIÓN

As ferramentas dixitais están a evolucionar rapidamente nos últimos anos. A Lei Orgánica para a mellora da Calidade Educativa (LOMCE), establece que o alumnado debe lograr o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación. É unha realidade a día de hoxe o feito de que o alumnado está familiarizado a nivel persoal co uso das TIC, sen embargo esta circunstancia non significa que saiban utilizalas con fins pedagóxicos. Está claro que a presenza nas aulas de novos aparellos tecnolóxicos, non garante que se produzan dinámicas de innovación e mellora do ensino, xa que estes cambios dependerán dos usos que fagamos dos materiais que temos ao noso alcance. Son estas razóns as que nos moven a tentar pór en marcha o proxecto que redactamos a continuación, coa finalidade de introducir na nosa práctica docente, o libro e outros materiais dixitais que nos permitan desenvolver os contidos presentes no currículo da Educación Secundaria aportando un aire innovador á actividade diaria no noso Centro.

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO DO CENTRO

1.1. DATOS DO CENTRO

O IES Cabo Ortegal está situado no Concello de Cariño, ao norte da provincia de A Coruña, sendo o único centro de Ensino Secundario e Bacharelato do Concello.

DENOMINACIÓN: IES Cabo Ortegal

CÓDIGO: 15021755

ENDEREZO: Rúa Pozo de Pereira s/n

LOCALIDADE: Cariño C.P.: 15360

TELÉFONO: 881960101 FAX: 881960112

CORREO ELECTRÓNICO: ies.cabo.ortegal@edu.xunta.es

SITIO WEB OFICIAL: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescaboortegal/>

1.2. CARACTERÍSTICAS E DESCRICIÓN DO CENTRO

O IES Cabo Ortegal é un centro público dependente da Consellería de Educación situado no Concello de Cariño. En funcionamento dende o curso 1980/81 nun emprazamento distinto do actual, as instalacións coas que conta hoxe en día son relativamente recentes. No curso 2005/06 procedeuse á entrega das obras das novas instalacións e á demolición do vello instituto. Dende ese traslado, nun proceso constante

de optimización dos recursos existentes, foi preciso ir adaptando as novas instalacións ás necesidades reais do centro mediante pequenas reformas, así como completar o seu equipamento.

Na actualidade o centro ten 12 unidades, dúas de 1º ESO, dúas de 2º ESO, dúas de 3º ESO, dúas de 4º ESO, unha de 1º de Bacharelato, unha de 2º de Bacharelato, unha do Ciclo “Sistemas microinformáticos e redes” e unha de Educación Secundaria de Adultos.

Todas as aulas dispoñen de ordenador, pizarra dixital interactiva e conexión a internet. As aulas de 1º e 2º da ESO dispoñen tamén de rede wifi Abalar, portátiles abalar para o alumnado e os correspondentes carros de carga.

Dispón tamén de tres aulas de informática (nunha delas é onde se imparte o ciclo de Sistemas microinformáticos e redes) que contan con 15 ordenadores cada unha e conexión a internet, así como dunha aula de usos múltiples cun ordenador, conexión a internet e pizarra dixital interactiva.

Todos os departamentos dispoñen dun ordenador con conexión a internet, ao igual que as aulas de idiomas, laboratorio de física e química, laboratorio de ciencias, aula de música e aula de plástica. A sala de profesores conta con catro ordenadores, e as dependencias de dirección cun ordenador cada unha, todos eles con conexión a internet.

A biblioteca conta cun ordenador para as tarefas administrativas propias, e doutros tres ordenadores de consulta a disposición do alumnado.

Existen terminais RJ-45 para a conexión de datos en todas as estancias do centro.

1.3. A CONTORNA

Cariño é un concello costeiro situado ao norte da provincia da Coruña. Constituíuse como tal no ano 1988, trala súa segregación do concello limítrofe de Ortigueira. O termo municipal ten unha superficie de 47,19 km² e o Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2016 indica que ten unha poboación de 4072 habitantes.

A poboación vén descendendo nos últimos anos de xeito importante (dende 1996 ata a actualidade a caída supera o 20%), e concéntrase principalmente no núcleo urbano do concello.

Polo que respecta ao emprego, Cariño destaca polo peso que o sector primario ten en comparación con outros concellos da comarca, froito da tradicional importancia da industria pesqueira para a economía da zona (de feito a grande maioría dos empregos do sector secundario dependen da industria conserveira). A dinamización do turismo nos

últimos tempos contribuíu tamén a que a importancia relativa do sector servizos se incrementara. Evidentemente, hai que ter en conta a incidencia da crise económica que está a atravesar o noso país nos últimos anos, que levou consigo un aumento da taxa de paro, non só nos sectores anteriormente mencionados, senón tamén nun sector que hai un tempo tiña un peso máis importante na nosa economía como é caso do da construción, o que nos lembra que unha das cuestións que máis presentes debemos ter á hora de planificar a nosa oferta é o posible cambio de actividades e intereses formativos que a medio e longo prazo pode provocar o feito de que grandes viveiros de emprego do municipio se atopen en sectores en perigo de retroceso.

Por último, ao feito de que Cariño presente certas deficiencias no que a vías de comunicación ou transporte se refire á hora de salvar as distancias que o separan dos núcleos máis próximos (ben sexan núcleos de entidade como Ferrol ou mesmo Viveiro ou vilas próximas como Ortigueira ou Cedeira), podemos sumarlle que Cariño é un concello pequeno, tanto en extensión como en poboación, en relación a outros da súa área de influencia, o que nos coloca nunha situación difícil á hora de poder acceder a outras opcións laborais, culturais ou mesmo educativas.

Polo que respecta a outras entidades a ter en conta, o primeiro que debemos resaltar é a existencia no concello doutro centro educativo, o CEIP Manuel Fraga Iribarne, do que procede practicamente o 100 % do noso alumnado.

A actividade cultural da vila concéntrase ao redor da Casa da Cultura, que está dotada dun pequeno auditorio, dunha sala de exposicións e dunha de ordenadores, e na que se atopa emprazada a Biblioteca Municipal.

Á hora de practicar deporte, destacan o pavillón deportivo municipal e a nova piscina do Concello, así como distintas pistas nas que practicar futsal, baloncesto, pádel... A oferta municipal no referente a actividades deportivas inclúe cursos de patinaxe, natación, fútbol (en colaboración co C.D. Cariño)...

Outras entidades a ter en conta, xa no eido cultural, son a Agrupación Folclórica San Xiao do Trebo, a Agrupación de Teatro Metamorfose (que organiza unha mostra anual de teatro en galego), a Coral Polifónica ou a Rondalla de Cariño. A primeira delas oferta cursos de gaita e percusión, pandeireta e baile, que engadir ás actividades que o Concello oferta (moitas delas en colaboración coa Asociación de Amas de Casa de Cariño): ioga, pintura, informática...

1.4. A COMUNIDADE EDUCATIVA

✓ ALUMNADO

No curso actual existen un total de 177 alumnos/as matriculados/as e distribuídos do seguinte xeito:

- 116 alumnos e alumnas na Educación Secundaria Obrigatoria.
- 34 alumnos e alumnas en Bacharelato.
- 11 alumnos e alumnas no Ciclo de Sistemas Microinformáticos e redes.
- 16 alumnos e alumnas na Educación Secundaria de Adultos.

✓ PROFESORADO

O Claustro está integrado por un total de 30 profesores/as, procedentes na súa maior parte das comarcas de Ortegal e Ferrolterra. Deste total, todos teñen destino definitivo no centro (se ben oito deles non estiveron presentes durante este curso debido a distintas comisións de servizo).

✓ PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente é estable e está integrado por 3 limpadoras (unha a media xornada), unha auxiliar administrativa e dous conserxes.

✓ AS FAMILIAS

A participación das familias na vida do centro está canalizada a través da ANPA Beiramar.

1.5. PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

O centro participa nos seguintes proxectos:

- PLAMBE. Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o curso 2011-2012.
- SECCIÓNS BILINGÜES. Dende o curso 2008-2009, impartíndose actualmente a sección bilingüe de Tecnoloxía en 3º e 4º da ESO.
- ABALAR. O centro forma parte da rede de centros ABALAR para 1º e 2º da ESO, contando con 4 aulas Abalar.
- CONTRATOS-PROGRAMA. Participase dentro da liña “Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros”.
- PLAN PROXECTA. Participase dentro do programa Quérote+.

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

A lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro , (LOMCE) , no seu artigo 17 establece como un dos obxectivos para a etapa do ensino primario “*Iniciarse na utilización , para a aprendizaxe das tecnoloxías da información e a comunicación , desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran*”, e inclúe entre as sete Competencias Clave a “*Competencia Dixital*”, que implica a utilización e o dominio por parte do alumnado das novas tecnoloxías da información e da comunicación, cunha capacidade crítica para un bo uso das mesmas. A referencia ás TIC no currículo de Educación Secundaria son constantes, tanto nos contidos coma nos criterios de avaliación ou nos estándares de aprendizaxe, polo tanto, para poder seguir apostando polo uso das TIC, e polo noso convencemento das vantaxes que para o alumnado aporta este tipo de metodoloxía, sentímonos na obriga de solicitar a nosa participación no proxecto Educación dixital (E-DIXGAL) segundo a resolución do 22 de maio de 2017, DOG do 26 de maio.

Tal e como se indicou anteriormente o noso centro participa no proxecto Abalar, cun alto grao de compromiso por parte do profesorado e cunha valoración positiva por parte da comunidade educativa. Sen embargo, a presenza do libro dixital como substitución do libro en papel sitúa ao profesorado diante dunha alternativa e panorama radicalmente distinto, aínda que na realidade entendemos que a complementariedade de ambos os dous soportes é bastante previsible, polo menos nun futuro inmediato, a pesar da convicción de que finalmente o libro de texto convencional será substituído polo dixital.

Tentamos logo, con esta solicitude, de seguir cambiando o concepto de centro educativo tradicional polo de centro educativo dixital, perseguindo así dispoñer dos recursos humanos e pedagóxicos, así como das infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

3. OBXECTIVOS

Consideramos que debemos establecer obxectivos en cinco ámbitos distintos. Por unha parte estarían os obxectivos que corresponden á implantación do proxecto e refírense as tarefas organizativas e de funcionamento, por outro lado temos os

obxectivos dirixidos ao alumnado, profesorado, familias e ao centro, e que teñen como fin mellorar o proceso de aprendizaxe.

3.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Introducción e desenvolvemento das TIC como contido de aprendizaxe, integrando recursos dixitais na práctica docente, e coñecendo e aprendendo o uso dos materiais dixitais do proxecto por parte do profesorado e o alumnado, así como da plataforma EVA.
2. Utilización da TIC como recurso e instrumento para aprender os contidos das áreas do currículo, integrando os materiais dixitais nas actividades de aula, como un recurso máis que pode ser utilizado no desenvolvemento das programacións didácticas e como medio que favorece os procesos de integración e comunicación do alumnado e no desenvolvemento da súa creatividade.

3.2. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

1. Utilizar recursos dixitais como medio para superar os obxectivos educativos do nivel, formando ao noso alumnado no uso responsable das TIC como fonte de información, coñecemento e aprendizaxe, desenvolvendo tamén un espírito crítico ante as informacións recibidas dos medios dixitais.
2. Tomar conciencia da necesidade das normas de seguridade para a utilización de servizos web, aplicacións móbiles ou o intercambio de datos.
3. Adquirir hábitos de coidado e uso responsable do equipamento informático persoal.
4. Usar as TIC como medios para favorecer a creatividade e a expresión de ideas, e coñecer contornas para a creación de contidos. Mellorar as aprendizaxes.
5. Desenvolver estratexias de traballo colaborativo baseadas nas posibilidades que ofrecen as contornas tecnolóxicas.
6. Adquirir coñecementos informáticos básicos, tanto a nivel de hardware (dispositivos), como software (sistema operativo e aplicativos), como dos elementos básicos sobre elementos TIC comúns: foros, blogs, wikis, repositorios, realidade virtual, 3D, robótica, programación, etc.

3.3. OBXECTIVOS EN RELACIÓN AO PROFESORADO

1. Utilizar principalmente o libro dixital na programación de aula e na preparación das clases, tentando desenvolver accións para familiarizar ao alumnado co uso da plataforma EVA e os libros e recursos dixitais.
2. Utilizar as TIC como medio facilitador para incorporar novas prácticas docentes máis conformes co alumnado e sociedade actual, así como para elaborar materiais de traballo para o alumnado.
3. Actualización e adquisición por parte do profesorado duns coñecementos teóricos e prácticos en relación coas TIC.
4. Contribuír a eliminar a “brecha tecnolóxica” no profesorado do centro, incorporándoos ao uso habitual do libro dixital.

3.4. OBXECTIVOS EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS

1. Implicar ás familias no proxecto.
2. Colaborar no coidado e mantemento dos equipos informáticos.
3. Ofrecer información actualizada a través do sitio web do colexio, ou mediante outras plataformas que se consideren oportunas, sobre o desenvolvemento do proxecto.
4. Articular estratexias para mellorar a comunicación entre as familias e o colexio.
5. Solicitar a colaboración da ANPA para a divulgación de información, e a organización conxunta de actividades como poden ser charlas sobre o uso de recursos informáticos, seguridade en Internet, etc.

3.5. OBXECTIVOS EN RELACIÓN AO CENTRO

1. Usar as TIC e o libro dixital como ferramenta didáctica na labor docente
2. Desenvolver protocolos e determinar criterios para a utilización dos equipos e a contorna virtual de aprendizaxe.
3. Determinar a responsabilidade e obrigas do coordinador do proxecto, apoios, equipo directivo...
4. Adquirir os coñecementos necesarios para resolver pequenos atrancos técnicos relacionados coa utilización do equipamento tecnolóxico.
5. Fomentar o cambio de metodoloxía no traballo na aula.

6. Levar a cabo unha comunicación con outros centros participantes no proxecto, principalmente co noso centro adscrito o CEIP Manuel Fraga Iribarne.
7. Potenciar a comunicación coa comunidade educativa e o seu ámbito: follas informativas, páxina web, reunións coa ANPA, familias...
8. Participar, na medida do posible, nas actividades de formación que determine a administración.
9. Determinar procedementos para analizar a participación no proxecto desde dous puntos de vista: traballo docente e aprendizaxe do alumnado.

4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO

Nos últimos anos deuse unha lenta pero progresiva incorporación destas ferramentas á práctica cotiá do centro:

- Realizamos toda a xestión académica co programa XADE.
- Xestionamos a biblioteca escolar co programa Meiga, tanto no referente á catalogación como ao sistema de préstamo.
- Facemos uso de xeito habitual das listas de correo electrónico para todo tipo de comunicacións internas entre o equipo directivo e o Claustro e as Familias.
- Dispoñemos de páxina web actualizada, que conta cun uso habitual como medio de difusión da labor docente e como canle de comunicación coa comunidade educativa.
- Contamos con dous blogs operativos:
 - ✓ Biblioteca: (<http://ortegalendo.blogspot.com.es/>)
 - ✓ Orientación: (<http://www.elorienta.com/ortegal/>)
- Formamos parte, tal e como indicamos anteriormente, da rede de centros Abalar nos cursos de 1º e 2º da ESO.
- Dende o ano 2014 fomos seleccionados como un dos centros piloto para implantar a plataforma de comunicación Abalar Mobil, permitindo unha comunicación máis activa entre o profesorado e as familias.

5. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE

As TIC son medios e recursos máis complexos que os coñecidos tradicionalmente, e que requiren dunha aprendizaxe previa de manexo para utilizalos como ferramenta e instrumentos ao servizo das programacións de aula, da metodoloxía e didáctica escolar. É necesario coñecer os soportes físicos dos equipos informáticos, aprender como funcionan os sistemas operativos e os programas, para posteriormente integrar o ordenador nas actividades de aula.

Trátase dunha maneira de traballar diferente, innovadora e motivadora para o alumnado, e baseada no traballo colaborativo. Sen embargo a participación no proxecto non vai traer cambios metodolóxicos significativos posto que de feito xa se están utilizando materiais en formato dixital nas aulas Abalar como complemento aos libros de texto.

RECURSOS HUMANOS

Gran parte do profesorado do centro atópase implicado no proxecto, comprometéndose a poñelo en marcha, aínda que non podemos deixar de mencionar as dúbidas que certa parte do Claustro amosou en relación co bo funcionamento da plataforma e coa implantación do proxecto, debido seguramente á inseguridade e incerteza que provoca o cambio metodolóxico.

Cóntase cunha persoa coordinadora con gran experiencia nas TIC, tan e como se reflicte no apartado 6 deste proxecto, sendo coordinadora Abalar do centro dende o ano 2010. Na medida que o seu horario o permita, contarase coa súa presenza na aula para axudar e solucionar as dúbidas que puidesen xurdir.

As familias amosan moito interese e unha actitude propicia á introdución deste cambio na práctica docente. A participación no proxecto repercutirá de xeito favorable na calidade do ensino e na participación de toda a comunidade educativa en todo o proceso.

En canto ao alumnado tentarase traballar con certos niveis de autonomía: libre (realizando actividades polas que amosen máis interese), semidirixida (empregando o material que desexen pero coa finalidade de desenrolar un traballo concreto) e dirixida (seguinto as intrucións específicas do profesor).

Finalmente, tal e como se indicou nos obxectivos, tentarase levar unha comunicación fluída con outros centros da contorna participantes no proxecto.

RECURSOS ESPACIAIS E MATERIAIS

Os espazos para levar a cabo o proxecto son as dúas aulas de 1º da ESO situadas no primeiro piso do edificio e pertencentes na actualidade á rede Abalar, dispoñendo polo tanto dos elementos propios deste tipo de aulas.

Elaboraranse normas de uso do material recibido co obxecto de manter este material en perfecto estado, evitando na medida do posible avarías derivadas do mal uso. Cada alumno/a terá asignado un portátil empregando sempre o mesmo.

O profesorado poderá optar por unha destas propostas de traballo, non sendo excluíntes e podéndose mesturar:

1. Recursos facilitados por E-DIXGAL (editoriais do proxecto) como base, aínda que poderán ser completadas con outros materiais en formato papel (libros ou outro tipo de materiais didácticos).
2. Recursos elaborados ou estruturados polo propio docente. Coñecedores das dificultades para a elaboración sistemática de recursos educativos, non se considera este modelo de organización unha prioridade, aínda que si consideramos que a longo prazo é una proposta de traballo moi interesante.

METODOLOXÍA

Partimos do convencemento de que a mellor integración das TIC faise desde a normalidade, incluso dende a invisibilidade, é dicir, focalizar a atención e os esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe e non nas ferramentas e nos recursos.

Procurarase deseñar actividades e tarefas que fomenten o traballo en grupo, a investigación na web, a visión crítica e a elaboración de información utilizando os recursos tecnolóxicos. Ademais, tal e como se detalla nos obxectivos, a adquisición de coñecementos por parte do alumnado sobre o equipamento tecnolóxico, o software e diversos temas relacionados con Internet (seguridade, protección de datos, respecto, servizos, etc.) tamén vai formar parte dos fins deste proxecto, aínda que de forma básica.

Pretendemos polo tanto espertar o interese do alumnado no EVA, utilizar métodos activos baseados na experiencia e investigación do propio alumno, fomentar o traballo

en equipo e utilizar unha variada gama de recursos que aporten información e faciliten o manexo dos ordenadores e a realización das actividades.

En canto á resolución das incidencias que poidan xurdir estableceranse tres fases de actuación:

- Primeira fase: profesorado de área. Será responsable de solucionar (e de adquirir os coñecementos necesarios) os atrancos relacionados principalmente co posible mal funcionamento do software e dos recursos educativos.
- Segunda fase: coordinador do proxecto. Terá a responsabilidade de solucionar as incidencias técnicas de hardware, software (non resoltas anteriormente) e sistema operativo. As incidencias que non se consideren resolubles neste fase pasarán á seguinte.
- Terceira fase: servizos técnicos ofrecidos pola administración. Utilización da canle habitual para comunicar as incidencias, contando co asesoramento e asistencia técnica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

VALORACIÓNS

As consideracións que se terán en conta para a continuidade no proxecto serán:

- Valoración positiva por parte do profesorado en canto a súa labor docente.
- Efectos positivos sobre o rendemento e benestar do alumnado e as familias.

O centro ofrece para un óptimo desenvolvemento do proxecto de Educación Dixital:

1. Profesorado cualificado e con motivación para asumir o compromiso.
2. Instalacións adecuadas.
3. Apoio maioritario do Claustro e Consello Escolar, tal e como se reflicte no Anexo de solicitude e nas certificacións que se achegan.

Ao longo deste proxecto detallamos as características do centro, a nosa traxectoria na utilización e promoción dos recursos TIC, a dotación tecnolóxica e humana, a boa predisposición do profesorado e alumnado para aceptar retos e afrontar novas propostas metodolóxicas, pero non debemos esquecer que unha das columnas fundamentais do proxecto é a capacidade de resposta da administración: erros nas plataformas de soporte aos que non se dean solución, tempos de intervención técnica moi dilatados ou a falta de

recursos, sen dúbida son os elementos máis destacados na perda de motivación do profesorado, ou no peor dos casos, da imposibilidade de levar a cabo o traballo docente con normalidade, o que terá efectos negativos no rendemento do alumnado.

O punto de inflexión da participación no proxecto será a detección de problemas de aprendizaxe ligados a este novo modelo organizativo e metodolóxico.

Se durante o desenvolvemento do proxecto, se determinase que existe unha fenda que inflúe negativamente na adquisición de coñecementos ou nas relacións entre o alumnado, tomaremos como unha prioridade o deseño de estratexias para reducir esa dificultade, dentro desas iniciativas estará a posibilidade de reorientar a nosa participación no proxecto.

6. DESIGNACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO

Proposta de coordinación

Nome: Socorro Rey Rego.

22 anos de servizo como profesora de Relixión e 6 anos coordinadora Abalar do centro.

Actividades de formación impartidas nos últimos anos relacionadas coas TIC

ANO	TÍTULO	RELATORIO
2010/2011	F1001049 – Fase IV. Integración das TIC nas aulas	A integración das TIC nas aulas do proxecto Abalar.
2011/2012	F1101045 – Aulas Abalar	Introdución básica ás aulas Abalar
2013/2014	F1301027 – Aula virtual e Moodle	Aula Moodle

Actividades de formación recibidas nos últimos anos relacionadas coas TIC

ANO	TÍTULO
2008/2009	F0801053 – O emprego didáctico do encerado dixital nas aulas
2010/2011	F1001077 – Fase I. dinamizadores e dinamizadoras TIC nos centros educativos
2012/2013	F1201067 – Ferramentas informáticas de creación de materiais didácticos
2012/2013	F1201066 – A utilización didáctica da pizarra dixital
2012/2013	F1205031 – Elaboración de material multimedia
2012/2013	F12010068 – Xestión e dinamización dunha biblioteca escolar
2013/2014	F1301032 – Aplicacións educativas das redes sociais e outros
2013/2014	F1306043 – Elaboración de cursos e materiais para a aula virtual do centro
2013/2014	Membro Contratos-Programa
2014/2015	X1423009 – Membro Contratos-Programa
2015/2016	X1523019 – Membro Contratos-Programa
2015/2016	G1502007 - IV Xornadas de desenvolvemento dos Contratos-Programa
2015/2016	F1502021 – Introducción aos Kits das aulas dixitais

Experiencia na coordinación de proxectos ou grupos de traballo

ANO	TÍTULO
2010/2011	X1023013 – Coordinación en centros do Proxecto Abalar 2010/2011
2011/2012	X1123009 – Coordinación en centros do proxecto Abalar 2011/2012
2012/2013	X1223010 – Coordinación en centros do proxecto Abalar 2012/2013
2013/2014	Coordinación Contratos-Programa
2013/2014	X1323045 – Coordinación en centros do proxecto Abalar 2013/2014
2014/2015	X1423009 – Coordinación Contratos-Programa
2014/2015	X1423033 – Coordinación en centros do proxecto Abalar 2014/2015
2015/2016	X1523019 – Coordinación Contratos-Programa
2015/2016	X1523038 – Coordinación en centros do proxecto Abalar 2015/2016

7. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE RELACIONADAS COAS TIC DESENVOLVIDAS NO CENTRO DURANTE OS ÚLTIMOS ANOS

ANO	ACTIVIDADES
2012/2013	F1231008 PFPP - IES Cabo Ortegal – Ferramentas informáticas de creación de materiais. A utilización didáctica da pizarra dixital. Elaboración de material multimedia.
2013/2014	F1331002 – PFPP IES Cabo Ortegal – Aplicacións educativas das redes sociais e outros recursos en liña. Elaboración de cursos e materiais para a aula virtual do centro.
2014/2015	F1405003 – Grupo de traballo – Catalogación: Manexo do programa Meiga.

8. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE

Actualmente contamos cunha conexión Adsl de 30 Mb.

De todas formas, dentro do Programa “Escuelas conectadas”, e dado que xa está toda a instalación feita por parte das compañías encargadas, é previsible que a partir do próximo curso 2017/2018 o centro conte cunha rede de banda ancha ultrarrápida de 500 Mb.

9. RELACIÓN DAS MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN DIXITAL

Impartiríanse TODAS as materias de 1º da ESO.

10. PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA

É ben sabido que a avaliación é unha ferramenta imprescindible que axuda a detectar os posibles erros e/ou deficiencias no programa, permitindo así introducir as modificacións necesarias que contribúan á mellora e perfeccionamento do mesmo.

Por esta razón, trataremos de levar a cabo unha serie de actuacións con toda a comunidade educativa para reflexionar sobre a marcha do proxecto.

Actuacións co profesorado	Indicadores de logro
Integrar recursos dixitais na práctica docente.	Incremento da presenza de recursos dixitais na programación docente.
Adquirir os coñecementos necesarios para solucionar pequenos atrancos técnicos relacionados coa utilización do equipamento tecnolóxico.	Redución das intervencións da persoa coordinadora e os técnicos da administración.
Coñecer algunha ferramenta para a creación ou a composición de recursos dixitais.	Elaboración de recursos educativos propios.
Participar nas actividades de formación que determine a administración.	Asistencia a actividades de formación.
Determinar procedementos para analizar a participación no proxecto desde dous puntos de vista: traballo docente e aprendizaxe do alumnado.	Produción dun documento base para analizar e valorar os efectos do proxecto de Educación Dixital.
Coñecer o uso da plataforma EVA.	Uso habitual da plataforma.
Afondar no coñecemento das plataformas e servizos que ofrece a Consellería de Educación: Moodle (Aula virtual), Drupal (sitio web), etc.	Integración dos servizos web da Consellería no traballo docente.

Actuacións co alumnado	Indicadores de logro
Utilizar recursos dixitais como medio para superar os obxectivos educativos do nivel, promovendo a autoaprendizaxe como proceso activo e autónomo.	O alumnado utiliza de xeito autónomo a plataforma EVA e realiza procuras activas e libres na Internet, identificando recursos adecuados para a autoaprendizaxe.
Usar de xeito responsable os medios tecnolóxicos.	
Desenvolver un espírito crítico ante as informacións que reciben dos medios dixitais.	O alumnado adquire criterios propios para medir a fiabilidade das noticias.
Introducir ao alumnado no concepto de “diversidade de fontes” co fin de que analicen e valoren as informacións.	
Adquirir hábitos de coidado e uso responsable do equipamento informático persoal (netbooks).	Inexistencia de incidencias relacionadas con accidentes ou maltrato do equipamento tecnolóxico.

Usar as TIC como medio para favorecer a creatividade e a expresión de ideas.	O alumnado produce contidos orixinais e respecta e valora as creacións doutras persoas.
Coñecer contornas para a creación de contidos.	
Desenvolver estratexias de traballo colaborativo baseadas nas posibilidades que ofrecen os contornas tecnolóxicos.	Formación de grupos de traballo.
Adquirir coñecementos informáticos básicos, tanto a nivel de hardware (dispositivos) como software (sistema operativo e aplicacións).	O alumnado manexa con soltura o EVA, así como o hardware e software básico relacionado co programa.
Adquirir coñecementos básicos sobre elementos TIC comúns: foros, blogs, wikis , repositorios , realidade virtual , 3D , robótica , programación, etc.	
Mellorar as aprendizaxes.	Informes de cualificación positivos.

Actuacións coas familias	Indicadores de logro
Aínda que nos centramos no profesorado e os alumnos, non podemos esquecernos da importancia das familias no bo desenvolvemento do proxecto, polo que se levará a cabo unha reunión ao inicio de curso coa pais e nais de 1º da ESO para explicarlles, entre moitas outras cousas, os pormenores do proxecto e a importancia da súa colaboración.	Valoración positiva por parte das familias da información facilitada e da implantación do proxecto.
Elaborar enquisas e reunións coa ANPA para ter unha opinión deste sector a cerca do programa implantado.	

Para rematar coa avaliación, levaranse a cabo polo menos cinco reunións para analizar o desenvolvemento do proxecto:

- ✓ Unha ao inicio do curso co fin de poñer en común as dificultades e determinar actuacións formativas dirixidas ao alumnado de ser necesario.
- ✓ Tres que poden coincidir coas sesións de avaliación, preferentemente, para

establecer a relación entre as novas metodoloxías e a evolución académica do alumnado.

- ✓ Unha ao rematar o curso co fin de analizar as dificultades e factores de éxito do proxecto. De cada reunión levantarase unha acta na que constarán propostas de mellora.

Finalmente elaborárase unha memoria para a inclusión na Memoria final do centro, na que se detallarán as propostas de mellora para o curso seguinte, especificando, na medida do posible, a forma de concretalas.

Poderán existir outras reunións de planificación convocadas pola persoa coordinadora, ben sexa por propia iniciativa ou por solicitude do profesorado.

11. OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE QUE SE PODE TER EN CONTA PARA A SELECCIÓN DO CENTRO

Consideramos que o feito de que o CEIP Manuel Fraga Iribarne, colexio da zona adscrito ao noso centro, estea a desenvolver o proxecto de aulas dixitais (Edixgal) dende o curso pasado, resulta unha razón de peso para poder desenvolver o proxecto no IES Cabo Ortegal, e intentar darlle así continuidade ao traballo iniciado co alumnado dende 5º de primaria e que finalmente cursará estudos de ensino secundario no noso centro.

En resumo, solicitamos Edixgal porque:

- ✓ Existe apoio do profesorado e do Consello Escolar tal e como se reflicte nas certificacións anexadas.
- ✓ Pretendemos integralo dentro do marco das TIC do centro como unha ferramenta máis de dinamización e impulso das mesmas.
- ✓ Estamos a traballar coas novas tecnoloxías na medida das nosas posibilidades, obtendo en moitas ocasión resultados satisfactorios.
- ✓ Contamos con parte da infraestrutura necesaria para a súa implantación.
- ✓ Aínda que supón cambiar a didáctica, parécenos un complemento idóneo para o libro de texto e para a elaboración de proxectos en pequenos grupos.
- ✓ Pretendemos obter recoñecemento externo, beneficiándose así o conxunto da comunidade educativa.
- ✓ Precisamos dispoñer de máis ferramentas TIC, co obxecto de ser pioneiros no seu uso, tentando trasladar a toda a comunidade educativa os beneficios

que iso conleva. Pretendemos conseguir a máxima satisfacción e participación de toda a comunidade educativa.